

A MORFOLOXÍA DO PARTICIPIO

O participio, como adxectivo que é, ten as categorías de caso, xénero e número e concerta cun substantivo, e como verbo, ten as categorías de tempo e voz.

	Voz activa	Voz pasiva
Presente	<i>amans -ntis</i> <i>habens -ntis</i> <i>legens -ntis</i> <i>audiens -ntis</i>	—
Perfecto	—	<i>amatus -a -um</i> <i>habitus -a -um</i> <i>lectus -a -um</i> <i>auditus -a -um</i>
Futuro	<i>amaturus -a -um</i> <i>habiturus -a -um</i> <i>lecturus -a -um</i> <i>auditurus -a -um</i>	[Xerundivo] <i>amandus -a -um</i> <i>habendus -a -um</i> <i>legendus -a -um</i> <i>audiendus -a -um</i>

TEMPO E VOZ DO PARTICIPIO

Os participios establecen unha relación co verbo principal de simultaneidade, anterioridade e, aínda que de pouco uso, posterioridade.

Simultaneidade

Fortissime pugnantes conciderunt.

→ ‘Pelexando con extraordinaria bravura, sucumbiron’.

Germani hostes fugientes usque ad flumen persequuntur.

→ ‘Os xermanos perseguen aos inimigos mentres foxen cara ao río’.

Anterioridade

Militum pars horum a barbaris circumventa periit.

→ ‘Unha parte destes soldados rodeada polos bárbaros morreu’.

Tres nobilissimi Haedui capti ad Caesarem perducuntur.

→ ‘Tres heduos do máis alto rango, que foran feitos prisioneros, son conducidos ante César’.

IES Auga da Laxe. Latín II.

Sabinus suos hortatus signum dedit.

→ ‘Sabino, despois de arengar aos seus, deu o sinal’.

Posterioridade

Ave Caesar, morituri te salutant.

→ ‘Ave César, os que van morrer saúdante’.

TRADUCIÓN DO PARTICIPIO

En xeral, e case sempre, poderemos traducir os participios deste xeito:

- calquera participio por unha oración de relativo;
- o participio de presente tamén por xerundio simple; e
- o participio de perfecto tamén por participio; mesmo, e se ese matiz é identificable, por unha oración subordinada circunstancial.

AS FUNCIÓNS DO PARTICIPIO

Como dicíamos antes, o participio, como adxectivo verbal que é, ten as funcións propias dun adxectivo. Podemos atopar o participio en varias construcións sintácticas: participio concertado, substantivado ou absoluto.

PARTICIPIO CONCERTADO (MODIFICADOR OU COMPLEMENTO PREDICATIVO)

Neste caso, o participio concorda en caso, xénero e número cun substantivo ou pronome da oración, e desempeña a función de modificador ou complemento predicativo

Eodem die legati ab hostibus missi ad Caesarem venerunt.

→ ‘Ese mesmo día, os legados enviados/que foran enviados polos inimigos chegaron ante César’

PARTICIPIO SUBSTANTIVADO

Nesta construción, o participio non concorda con ningún elemento da oración, senón que el mesmo desempeña a función dun substantivo

Verba volant, scripta manent.

→ ‘As palabras voan, os escritos permanecen’

Omnia timentes miseri sunt.

→ ‘Os que todo temen son desdichados’

PARTICIPIO ABSOLUTO

É un tipo especial de participio concertado. O participio concorda cun substantivo ou pronome en caso ablativo. Tamén se denomina **ablativo absoluto** —de *absolvere*, ‘desligar’—, pois no pasado se considerou que esta construción era independente da oración.

IES Auga da Laxe. Latín II.
Rege vulnerato, hostes fugerunt.

→ 'Ferido o rei, os inimigos déronse á fuga'.

→ 'Sendo ferido o rei, os inimigos déronse á fuga'.

→ 'Tras ser ferido o rei, os inimigos déronse á fuga'.

→ 'Posto que o rei fora ferido, os inimigos déronse á fuga', etc.

A CONSTRUCCIÓN DE ABLATIVO ABSOLUTO SEN PARTICIPIO

Tipo *Cicerone consule* ('Sendo cónsul Cicerón'): é unha construción de ablativo absoluto sen participio que se usa especialmente na expresión de cargos públicos.

L. Genucio et Q. Servilio consulibus mortuus est Camillus

→ 'Sendo cónsules L. Genucio e Q. Servilio, morreu Camilo'.

Estes participios absolutos poden traducirse ás veces de diferente forma, como oracións subordinadas circunstanciais, expresións nominais, etc.

Mortuo Caesare omnes fugerunt.

→ 'Morto César, todos fuxiron', 'Estando morto César...', 'Tras a morte de César...', etc.

A FORMACIÓN DO XERUNDIVO OU PARTICIPIO DE FUTURO PASIVO

O participio de futuro pasivo recibe tamén o nome de xerundivo. A formación do participio de futuro pasivo, que se declina como un adxectivo do tipo 2-1-2 (*bonus -a -um*), presenta o seguinte esquema:

• Tema de presente + (e)nd + desinencias		
Conjugación	Tema de presente	Participio de futuro pasivo
1. ^a (-a)	<i>ama-</i>	<i>amandus -a -um</i>
2. ^a (-e)	<i>habe-</i>	<i>habendus -a -um</i>
3. ^a (cons.)	<i>leg-</i>	<i>legendus -a -um</i>
4. ^a (-ī)	<i>capi-</i>	<i>capiendus -a -um</i>
4. ^a (-ī)	<i>audi-</i>	<i>audiendus -a -um</i>

AS FUNCIÓNS DO XERUNDIVO

O serundivo, como adxectivo verbal que é, concorda cun substantivo en caso, xénero e número, e expresa, en voz pasiva, posibilidade ou obrigación. As construcións sintácticas máis frecuentes do xerundivo (excepto a perifrástica pasiva, que veremos máis adiante) son as seguintes:

FUNCIÓN MODIFICADOR

Substitúe a construción pouco correcta de xerundio con complemento directo; é dicir, en lugar de *Cupidus videndi urbem*, *Cupidus urbis videndae*, ‘Desexoso de ver a cidade’

Croesus neque navium aut pontis faciendi copiam habebat.

→ ‘Creso non tiña medios para construír nin naves nin unha ponte’.

Nestas construcións traduciremos o xerundivo por infinitivo, e o substantivo, como un complemento directo del.

FUNCIÓN COMPLEMENTO PREDICATIVO

Con verbos que significan «dar», «entregar», «recibir», etc., o xerundivo concorda co complemento directo destes verbos (ou co suxeito se o verbo está en pasiva) e indica a finalidade ou a intención da acción.:

COMPLEMENTO PREDICATIVO DEL COMPLEMENTO DIRECTO (EN ACUSATIVO)

Legiones in plures civitates distribuit, ex quibus unam in Morinos ducendam C. Fabio legato dedit.

→ ‘Entre moitas cidades distribuíu as lexións, unha das cales deu ao legado C. Fabio para que a conducise ao territorio dos morinos’.

COMPLEMENTO PREDICATIVO DO SUXEITO (EN NOMINATIVO)

Urbs a duce militibus diripienda tradita est.

→ ‘A cidade foi entregada polo xeneral aos seus soldados para que a saqueasen’.

É bastante frecuente atopar o xerundivo nestas formacións, traducidas con valor final

EN CASO ACUSATIVO CON AD.

Ad pacem petendam. → ‘Para pedir a paz’.

EN CASO XENITIVO CON CAUSA.

Pacis petendae causa. → ‘Para pedir la paz’.

A CONXUGACIÓN PERIFRÁSTICA ACTIVA

Fórmase engadindo ao participio de futuro activo a conxugación do verbo *sum* como auxiliar..

Perifrástica activa	
Presente	<i>amaturus -a -um sum, es, est...</i>

Pretérito imperfecto	<i>amaturus -a -um eram, eras, erat...</i>
Futuro imperfecto	<i>amaturus -a -um ero, eris, erit...</i>
Pretérito perfecto	<i>amaturus -a -um fui, fuisti, fuit...</i>
Pluscuamperfecto	<i>amaturus -a -um fueram, fueras, fuerat...</i>
Futuro perfecto	<i>amaturus -a -um fuero, fueris, fuerit...</i>

A conjugación perifrástica activa expresa inminencia, intención ou acción futura.

Bellum gesturi sunt. → ‘Están a piques de facer a guerra’.

Oppidum oppugnaturi erant. → ‘Tiñan intención de atacar a cidade’.

A CONXUGACIÓN PERIFRÁSTICA PASIVA

Fórmase engadindo ao participio de futuro pasivo a conjugación do verbo *sum* como auxiliar.

	Perifrástica pasiva
Presente	<i>amandus -a -um sum, es, est...</i>
Pretérito imperfecto	<i>amandus -a -um eram, eras, erat...</i>
Futuro imperfecto	<i>amandus -a -um ero, eris, erit...</i>
Pretérito perfecto	<i>amandus fui, fuisti, fuit...</i>
Pluscuamperfecto	<i>amandus -a -um fueram, fueras...</i>
Futuro perfecto	<i>amandus -a -um fuero, fueris...</i>

A conjugación perifrástica pasiva expresa obrigación ou necesidade, e a persoa para a que esa obrigación existe vai en dativo.

Mihi amanda est prudentia. → ‘A prudencia debe ser amada por min’.

Aínda que con bastante frecuencia é posible e conveniente traducir por unha construción activa, así

Mihi amanda est prudentia. → ‘Debo amar a prudencia’.

ANALIZA E TRADUCE AS SEGUINTE ORACIÓNS

- *Tres nobilissimi Haedui capti ad Caesarem perducuntur.*
- *Ab lateribus hostes nostros pugnantes circumvenerunt.*
- *C. Valerius Procillus in ipsum Caesarem hostes equitatu persequentem incidit.*
- *Caesar exposito exercitu et loco castris idoneo capto, cohortibus decem ad mare relictis et equitibus trecentis, de tertia vigilia ad hostes contendit.*
- *Coniuncto exercitu Caesar Gomphos pervenit, quod est oppidum primum Thessaliae venientibus ab Epiro.*
- *Ea re impetrata sese omnes flentes Caesari ad pedes proiecerunt.*
- *Milites commeatus petendi causa missi erant.*
- *Praefectos tribunosque militum complures in finitimas civitates frumenti commeatusque petendi causa dimittit.*
- *Proxima nocte Sabinus clam ex castris exercitum educit et ad Caesarem auxilii ferendi causa proficiscitur.*
- *Quattuor legiones in Senones Labieno ducendas dedit, sex ipse in Arvernos ad oppidum Gergoviam duxit.*
- *Aut pugnandum aut moriendum est.*
- *Delenda est Carthago.*
- *Die ipso, quo facturus erat navale proelium, classiarios convocat.*
- *Dux Brundisium venturus est.*
- *Hostes silvam, quam transiturus erat noster exercitus, combusserunt.*
- *Ipse suae civitatis imperium obtenturus fuerat.*
- *Mons erat ascendendus.*
- *Militi reliquenda sunt arma.*
- *Omnia armis agenda sunt.*
- *Reddendus est nunc Romanae iuventuti debitus gloriae titulus.*